

Visto o expediente número 72/2012 de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, e tramitación ordinaria, do suministro denominado: “suministro e instalación de carpintería exterior de PVC para el albergue xuvenil de Cabana de Bergantiños” e no que constan: 1.- Providencia do inidio de expediente 2.-Pregos de cláusulas administrativas particulares 3.-Pregos de prescripcóns técnicas 4.-Certificado emitido polos servizos de Intervención do Concello acreditando a existencia de crédito suficiente e axeitado para poder levar a cabo a contratación 5.-Informe de Secretaría 6.-Informe de fiscalización de Intervención.

Considerando que de conformidade co previsto na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público, a competencia para a realización da citada contratación lle corresponde a esta Alcaldía.

Na súa virtude, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.-Aproba-lo expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, para a adxudicación do suministro denominado “suministro e instalación de carpintería exterior de PVC para el albergue xuvenil de Cabana de Bergantiños “procedemento utilizado que se xustifica pola concreción do seu obxecto e por razón da súa contía, que será de 24.019,98 euros e 4.323,60 euros (28.343,58 euros).

SEGUNDO.-Aprobar o prego de cláusulas administrativas e de prescripcóns técnicas que se xuntan e que rexerán a presente contratación.

TERCEIRO.-Ó abeiro do disposto no artigo 320.1 do RD Lexislativo 3/2011, non constituí-la Mesa de Contratación para a adxudicación da obra de que se trata.

CUARTO.-Dispoñe-la apertura do procedemento negociado de adxudicación solicitando ofertas ás empresas que logo se dirán, capacitadas para a execución do obxecto do contrato:

- HIJOS GR CARPINTERIA 2001, S.L.con domicilio no Polígono Industrial O Allo Parcela 2- 15150 Zas
- SILMAPLAST,S.L. con domicilio en Variante Norte C 543- 15210 Noia
- MANUEL AGULLEIRO BAAMIL con domicilio en Lugar de Bermún, Pereiriña s/n 15270 Cee

QUINTO.-Autoriza-lo gasto con cargo á partida 337/632.03 do vixente Orzamento Municipal de 2.012 por importe total de 28.343,58 euros correspondentes ao importe total de licitación.